

## Edimburgo

María Alonso Alonso

### 1576

Pensemos en metáforas que nos axuden a explicar o mundo,  
a comprender esta nova orde.

Pensemos na vida coma unha viaxe;  
unha viaxe a ningures.

Evoquemos esta metonimia:  
a da mobilidade, a da flutuación,  
a do ir e a do volver,  
a do estar e a do non estar.

Busquemos metáforas, alegorías, símbolos, significantes e significados.

Falemos das pragas de lagostas, dos múridos voraces, das marabuntas devastadoras.  
Falemos dos fluxos, das correntes, das ondas, das mareas, das hordas, das avalanchas.  
Falemos da migración;  
porque somos un tsunami:  
desbordantes, incontrolables.

*We are unstoppable.*

Nin muros nin fronteiras nin leis de estranxeiría nos impedirán acadar o noso obxectivo  
porque

*there ain't no mountain high enough,  
there ain't no river wide enough.*

A migración é unha labazada á xenofobia,  
é un bis-a-bis coa realidade;  
un berro contra o sistema.

A migración é violencia.

Deixa seca de mocidade ao país,  
 crea un estado de alarma,  
 nútrese da desesperanza,  
 convértese nunha ameaza.

Que tipo de monstro estamos a alimentar?  
 Leviatán leva traxe e cotiza en bolsa;  
 permite que o capital flúa sen control  
 mentres que ás persoas se lles poñen grillóns nos pés  
 para que non anden.

Usemos a poesía para atoparlle senso a esta tolaría.

Mais o meu traballo é o de desmontar falacias.  
 O meu traballo é o de desmetaforizar o metaforizado;  
 cuestionar a quen non quere ver a verdade.

Porque a migración non é un fenómeno natural  
     (non hai nada menos natural que fuxir do fogar).  
 Porque a migración non é unha condena histórica  
     (nin para quen marcha, nin para quen acolle).

A migración é un regacho de sangue que abrolla salvaxe  
 e o mundo é a patria de quen non ten nada.

Tod@s somos migrantes.  
 Somos aliens coas costas molladas.

### **Esquizofrenia xeográfica**

Abrázame coa túa escuridade,  
 amencer boreal!

Tan lonxe da casa,  
 atravesas rúas estrañas que rematan por converterse en familiares.

Acordas nunha cidade allea;  
 nun lugar que non te pertence,  
 nun mundo que non é o teu.

Non,  
ás veces non sei onde estou.  
Non sei  
se quedar  
ou  
marchar.

O espazo é iso:  
relatividade contravida.

Non,  
ás veces non sei onde estou.  
Non sei  
se quedar  
ou  
marchar.

Nun mundo que non é o teu,  
nun lugar que non te pertence;  
acordas nunha cidade allea.

Atravesas rúas estrañas que rematan por converterse en familiares,  
tan lonxe da casa.

Amencer boreal,  
abrázame coa túa escuridade!

### **Son bipolar**

Teño dúas casas e dous fogares,  
teño dúas familias e moitas amizades.

Teño dous países,  
dúas linguas,  
dúas culturas  
e case dúas identidades.

Teño dous gobernos que me amolan  
e dous rexistros para votar que non abundan.

Teño dúas cervexas favoritas –unha aquí e outra acolá.

Teño gañas de marchar,  
pero non teño posibles para regresar.

Teño dúas contas en cadanseu banco  
con poucos cartos, libras e euros, mais non sei cantos.  
Teño dúas tarxetas de crédito  
con dous números *pin* para memorizar.  
Teño dúas direccións postais  
onde chegan cartas que tardarei en revisar.

Teño dous coches demasiado vellos,  
un co volante na dereita e outro na esquerda,  
e cadanseu seguro que pagar.

Teño o dobre de posibilidades de poder traballar,  
teño o dobre de probabilidades de fracasar.  
Teño que esforzarme o dobre,  
loitar o dobre,  
chorar o dobre.

Teño algo de roupa aquí e outro algo alá,  
teño uns cantos libros aquí e outros alá;  
teño documentos importantes que gardo nun *pen* para poder levar comigo  
cando marche e cando volva.

Teño ás Cíes,  
teño a Pantxo,  
teño un furancho moi preto da casa.  
Teño ás Highlands,  
teño ao gato do veciño,  
teño un pub no que un día tocou Kurt Cobain.

Teño o Nadal,  
teño o Entroido,  
teño os Maios,  
teño a praia máis bonita do mundo aos pés da Ría.  
Teño a Hogmanay,  
teño a Jamboree,  
teño a Beltane,  
teño unha chea de festivais durante o verán para finxir alegría.

Mais a pesares de ter todo isto,  
teño a impresión de que non teño nada.

*The way forward*

Esta familiar outredade,  
esta penumbra infinita do inverno,  
esta cicloxénese de luz no estío.

A naturalidade de afacerse ao estraño.

Indíxena coma o millo;  
estranxeira coma o *Irn Bru*.

O cruzar razas  
como quen cruza fronteiras.

Este é o camiño:  
*the way forward*.

Non es máis que unha oposición de culturas;  
tan simple,  
porén tan complexa.

Unha ruptura consciente,  
unha rebeldía enraizada,  
un instinto de supervivencia.

A morte lenta do normativo.

O país de orixe  
no país de acollida.

Tantas noites en branco  
no tanatorio do futuro.

O fracaso xeracional:  
*a failed state of mind*.

Sobrepoñámonos a esta castración que nos paraliza.

A volta;  
un retorno imposible.